


FUNDACIÓN *PLÁCIDO CASTRO*

Memoria **2017**





1. Conferencia Anual

O 25 de Xaneiro celebrouse en Fene a XVIIIª Conferencia Anual sobre "*Plácido Castro e a loita pola Autonomía de Galicia*", impartida por **Justo Beramendi**, catedrático emérito de Historia

Contemporánea da Universidade de Santiago. A actividade foi organizada **en colaboración co Concello de Fene**, quen tamén axudou na súa edición impresa.



2. Premio de Tradución

A **décimo sexta edición**, correspondente a 2016, fallouse en Vigo o 28 de xuño de 2017, correspondendo a **Isabel Soto López** pola obra *Fosca*, de Iginio Ugo Tarchetti. A cerimonia de entrega levouse a cabo en

Vilagarcía de Arousa o 30 de setembro. Tamén se editou unha explicación do “Babelio”, a peza de Xaquín Chaves que desde 2011 serve como agasallo aos premiados en cada edición.



FUNDACIÓN PLACIDO R. CASTRO #BOEXENEROSO

3. Día das Letras Galegas para Plácido Castro

A Fundación promoveu entre os académicos honorarios da Real Academia Galega a dedicatoria do Día das Letras a Plácido Castro salientando especialmente a súa faceta de tradutor.



4. Packs divulgativos

A Fundación elaborou packs divulgativos que inclúen boa parte do material publicado arredor da figura de Plácido Castro. Esta documentación foi entregada progresivamente a gran parte das bibliotecas públicas de Galicia.



5. Plan de promoción da páxina web da Fundación e da presenza nas redes sociais

O plan de promoción da entidade para divulgar a figura de Plácido Castro nas redes sociais permitiu avances importantes. O número de seguidores en Facebook ascende a 1.357 (antes 1.239).



6. Verbas Atlánticas

A compilación de Poesía inglesa, escocesa e irlandesa traducida por Plácido Castro da man de **Laura Linares Fernández**, foi presentada en Corcubión o 12 de Xaneiro e en Vilagarcía de Arousa o día seguinte, en ambos os dous casos cunha notable afluencia de público.



7. Segunda edición de "Un galego en Irlanda"

En colaboración con Ézaro edicións, publicouse unha segunda tiraxe da obra *Un galego en Irlanda*, que foi presentada na Pobra do Caramiñal, A Coruña.



8. 115° natalicio de Plácido Castro

A Biblioteca de Santiago Ánxel Casal lembrou o 115 natalicio de Plácido Castro cunha exposición de diversas obras na súa sede.



9. Colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística (Xunta de Galicia)

O 4 de maio, unha representación da Fundación reuniuse en Santiago con Valentín García Gómez para explorar vías de colaboración.



10. Cincuenta aniversario da morte de Plácido Castro

O 17 de xullo tivo lugar no cemiterio de Santa Mariña de Cambados un acto de homenaxe a Plácido Castro cunha ofrenda floral e a lectura de poemas a cargo de Cristina Lede Castro. Posteriormente, en ExpoSalnés, tivo lugar unha mesa redonda baixo o

título “Vivencias con Plácido Castro”, na que participaron: Benito Bouzada Campos, Carlos Álvarez Puga, Juan Manuel Arenaz Núñez, Francisco Caamaño Rodríguez, José Fernández Rodiño e Xosé María Álvarez Cáccamo.



11. Plácido Castro, Fillo Adoptivo de Cambados

A Corporación Municipal de Cambados, en sesión celebrada o 28 de decembro de 2017, acordou, por unanimidade, outorgar a Plácido Castro o título de "Fillo Adoptivo" en atención aos merecementos que o relacionan con esta vila do Salnés.



12. Indagacións do periplo británico

Da xenerosa e entusiasta man de Norman Kean puidemos acceder ao coñecemento dos diferentes inmobles onde Plácido Castro viviu nos seus anos de estudo en Glasgow, Escocia.



13. Reunións do Padroado

O Padroado reuniuse en dúas ocasións ao longo do exercicio 2017: o 25 de abril e o 8 de setembro.



14. Nova sede oficial e Arquivo Permanente

Na sede oficial e arquivo permanente da Fundación sitos no Pazo de Torrado, na rúa Príncipe 10 de Cambados, fóronse depositando e acomodando os fondos da Fundación. O Concello de Cambados ofreceu un novo espazo físico en fase de acondicionamento e ao que podería trasladarse a fundación en 2018.



15. Outras actividades

Publicáronse en diferentes medios artigos divulgativos a propósito da figura de Plácido Castro.



16. Balance económico

INGRESOS	4.400,00
Aportación Concello Vilagarcía de Arousa	1.800,00
Aportación Concello Cambados	1.800,00
Aportación Concello Corcubión	800,00
GASTOS	4.419,48
GASTOS XERAIS	882,87
Gastos de secretaría anual	450,00
Servizo asesoría	273,33
Servizos bancarios e similares	29,00
Outros tributos (taxas Xunta)	37,29
Outros servizos (memoria Fundación, certificado dixital e correos)	93,25
GASTOS DAS ACTIVIDADES	3.536,61
Premio tradución Plácido Castro	36,30
Distribución pack Plácido Castro	658,43
Xestión redes sociais	2.318,36
Conferencia Anual Plácido Castro	176,47
Edición Conferencia Anual	48,40
Conmem. 50 Aniversario falecemento.	298,65
EXCEDENTE NEGATIVO EJERCICIO 2017	-19,48

FUNDACIÓN



PLÁCIDO CASTRO

Verbas atlánticas

A poesía inglesa e irlandesa
traducida ao galego
por Plácido Castro

Gratis (impreso+pdf) en:
bit.ly/verbasatlanticas



A versión impresa do libro é gratuítas ata fin de existencias, cun só gasto de envío de 3 euros.

FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

31 de decembro de 2017